

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LOBEIRA PARA A CREACIÓN DUN MIRADOIRO TURÍSTICO NO VISO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Lobeira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lobeira para a creación dun miradoiro turístico no Viso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Terceiro.- O concello de Lobeira pretende a creación dun miradoiro turístico no lugar do Viso, nun entorno imponente, con vistas ao Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, tanto na súa parte galega como na portuguesa. Así mesmo atoparase a carón do Santuario da Nosa Señora do Viso, construído no século XIV. Asentado nunha altitude de 852 metros, sobre a acrópole dun castro.

O miradoiro ofertará unha ampla panorámica:

- Polo norte, a Serra da Cabreira, sempre verde, coas súas mámoas milenarias.
- Polo poñente, a Serra de Leboreiro, na que destaca o Alto do Codesal (1333 metros de altitude), coa depresión do río Abeleda (Fragoso), val de descomunal frondosidade. Ao fondo, na Parroquia de Grou, a Capela de San Bieito preside as tres Vixas.
- Polo sur, os límites do limítrofe Portugal, coa Serra de Santa Eufemia e os pasos fronteirizos de: A Magdalena e a Portela do Homen, forman un cadro de espectacular beleza.
- Polo nacente, a vista expándese ata os Concellos de Muíños, Calvos de Randín e a Vila de Xinzo de Limia, coa Serra de San Mamede e as súas frecuentes neves.

A construción dos embalses de As Conchas (1948) e Lindoso (anos 1990) conforman unha panorámica de espectacular beleza, que casi se confunde cunha ría.

Co acondicionamento e mellora desta área preténdese mellorar a oferta turística, prestando especial atención e respecto ás áreas con importantes valores culturais, estéticos, educativos e científicos.

Unha das premisas que rexerán a citada actuación é a mellora da calidade de vida dos habitantes do espazo natural mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sustentable dos recursos naturais.



Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Lobeira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

